ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DO CLUBE DE MONTAÑA XISTRA, CELEBRADA NA "SALA A" DO EDIFICIO DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, RÚA FOTÓGRAFO LUÍS KSADO 17, DE VIGO O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2026 ÁS 21:00 HORAS, EN SEGUNDA CONVOCATORIA.

Asistentes

Presidente en funcións
D. Henrique Freixeiro

Socios/as de Honra asistentes
D. Xosé Lois Freixeiro

Socios/as asistentes
Dª. Henar de Diego de Diego
Dª. Mª Begoña Landesa Torrado
Dª. Mª Consuelo Martínez Fdez.
Dª. Mª Dolores Román Villar
Dª. Mª Dolores Tirados Prieto
Dª. Marina Fdez. Casalderrey
D. Antonio Paredes Chapela
D. David Eladio Pinal Otero
D. Dionisio Soto Amil
D. José Carlos Senovilla
D. José Miguel Merino
D. Julio Fernández Oitaben
D. Raúl Lago Mouriño
D. Raúl Leirós Gutiérrez
D. Roberto López Iglesias
D. Vitor Almeida Domínguez

D. Alexandre Freixeiro (sen voto)

Iníciase a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada polo Presidente saínte a tal efecto, co seguinte

ORDE DO DÍA
1 Presentación de candidaturas para a Presidencia do club 2026-2030.....1
2 Votación para a Presidencia do club 2026-2030.....1
3 Proclamación candidato/a elixido.....1

SESIÓN

Fai as funcións de Secretaria accidental para a elaboración desta acta Dª. Begoña Landesa.

1 Presentación de candidaturas para a Presidencia do club 2026-2030

O Presidente en funcións informa do fin da lexislatura de catro anos e da obrigatoriedade de baixa da Xunta Directiva precedente por motivos de vencemento do prazo legal.

Infórmase de que no prazo dende a convocatoria ata o día da Asemblea Xeral Extraordinaria non se recibiu ningunha presentación de candidatura para o cargo da Presidencia da entidade. Polo tanto dáse opción de facer unha ***postulación viva voce.***

Ante a falta doutras propostas, **D. Henrique Freixeiro Cameselle** toma a palabra e ofrécese para continuar catro anos máis de mandato.

Non habendo máis candidaturas pásase ó seguinte punto da orde do día.

2 Votación para a Presidencia do club 2026-2030

Non habendo máis que unha candidatura non foi preciso o proceso de votación.

Proclamouse o candidato por aclamación de tódalas persoas socias presentes.

3 Proclamación candidato/a elixido.

Don Xosé Henrique Freixeiro Cameselle, agradece o apoio recibido e asume a responsabilidade encomendada.

O período de lexislatura coincidirá co ano dos xogos olímpicos de inverno.

Así mesmo, inmediatamente nomea os novos cargos da nova Xunta Directiva que son aceptados tamén polas persoas que son designadas.

A nova Xunta Directiva, con vixencia dende este día e momento, pendente de comunicar á

Federación Galega de Montañismo e ó Rexistro de Entidades Deportivas, pasa a ser:

- **Xosé Henrique Freixeiro** **Presidente/a**
- **Begoña Landesa** **Vicepresidente/a**
- **José Miguel Merino** **Secretario/a**
- **María Luísa Martínez** **Tesoureiro/a**

Así mesmo, os ***tres apoderados*** nas contas bancarias seguirán sendo os mesmos que ata agora, debendo ***asinar dous a dous***, tal como viña sendo ata agora:

Apoderados nas contas bancarias:

- Xosé Henrique Freixeiro Presidente/a
- José Miguel Merino Secretario/a
- María Luísa Martínez Tesoureiro/a

Sen outros asuntos que tratar, e sendo as 21:15 horas do día 30 de outubro de 2026 procédese a dar por finalizada a Asemblea Xeral Extraordinaria, do cal eu, Dª. María Begoña Landesa Torrado, coma Secretaria accidental dou fe co visto e prace do Presidente.

Sinaturas:

Dª. María Begoña Landesa Torrado	D. X. Henrique Freixeiro Cameselle
Secretario/a da Asemblea Xeral Extraordinaria	Co Vº e Prace do/a Presidente/a